

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

### BAIONA

#### Outros documentos, notificacións e informacións públicas

#### ESTABLECER O PREZO PÚBLICO PARA O CAMPAMENTO: PROGRAMA DE CONCILIACIÓN SEMANA SANTA 2017

#### A N U N C I O

De conformidade co establecido no artigo 7 da Ordenanza reguladora do prezo público esixido pola organización de cursos, talleres, programas e actividades deportivas, sociais, festivas e culturais do Concello de Baiona, aprobada en sesión plenaria de data 06/10/20016, delegase na Xunta de Goberno Local a fixación da tarifa aplicable en cada caso

Ase, en sesión da Xunta de Goberno Local do Concello de Baiona de data 23 de febreiro de 2017, adoptouse o seguinte acordo:

*“Primeiro.*—Establecer un prezo público de 30 €: trinta euros/ neno para o Campamento: Programa de Conciliación Semana Santa 2017 a celebrar os días 10, 11, 12 e 17 de abril

*Segundo.*—O devandito prezo público deberá aboarse polos usuarios da actividade con carácter previo á realización da mesma, no prazo de apertura da solicitude de inscrición na actividade”

Respecto as bonificación sinalase no artigo 4 da Ordenanza: “De conformidade co previsto no apartado 2º do artigo 44 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, as tarifas que determine para cada caso a Xunta de Goberno Local, quedarán bonificadas nos seguintes casos:

- 20% para o segundo irmáns e 40% para o terceiro e sucesivos irmáns.
- 20% para o solicitante que durante a realización da actividade figuren incluídos no programa de Educación familiar.

As bonificacións previstas neste artigo non son acumulables.

Os interesados en obter ditas bonificacións deberán aportar á solicitude de inscrición a documentación acreditativa da concorrencia das situación e circunstancias expresadas no apartado anterior e que consistirá na seguinte:

- Para o segundo e demais irmáns: fotocopia compulsada do Libro de familia.



- Para os solicitantes incluídos no programa de Educación familiar: informe da educadora familiar do Concello.”

Polo que en cumprimento do sinalado na Ordenanza reguladora do prezo público esixido pola organización de cursos, talleres, programas e actividades deportivas, sociais, festivas e culturais do Concello de Baiona, ordenase a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia

En Baiona a 24 de febreiro de 2017.—O Alcalde Presidente, Angel M. Rodal Almuíña.

